

Textos: Bloque VI, tema4. A construción do estado liberal (principios do liberalismo e diferencias entre as diferentes familias políticas).

Os documentos seguintes deben permitirche elaborar un texto que teña por asunto central a vida política durante o reinado de Isabel II. Co triunfo da revolución liberal e a conformación dos "partidos" moderado e progresista durante as Rexencias (Doc. 1). A construción dunha estrutura de Estado liberal que comeza en 1845 cunha serie de leis e reformas administrativas emprendidas polos moderados (Doc. 2), no poder durante todo o período isabelino, cunha única etapa de goberno progresista, en coalición coa Unión Liberal, consecuencia dun pronunciamento (Doc. 3) tralo que se restaura o réxime de 1845, alternándose no goberno os partidos moderado e unionista.

«Se o período 1834-1844 foi o da creación das bases xurídicas dun novo Estado e dunha transformación social, da aparición dunha nova clase dominante por agregación de grupos, mentres se consolidaban os seus instrumentos de acción política, isto é, os partidos, o que transcorre entre 1844 e 1868 é o de verdadeira institucionalización do réxime liberal sobre unha realidade socioeconómica non transformada suficientemente, mediante a creación dun aparello político, administrativo, fiscal, ao servizo dese bloque oligárquico, pactado, que abandona toda veleidade de liberalismo radical.(...)»

Julio Aróstegui, Un novo sistema político, en vv. aa., Crise do Antigo Réxime. De Carlos IV a Isabel II, vol. IX da Historia de España, Madrid, Historia 16, 1982, p. 60.

O ano 1845 debía ser o das nosas grandes reformas políticas e administrativas: nel apareceu a Constitución reformada co novo Senado vitalicio; creáronse o Consello Real e os Consellos provinciais, e executáronse na nosa Facenda pública alteracións que abriron para ela unha nova marcha que seguiu cos máis satisfactorios resultados... De plaxio, ata de mera tradución do sistema francés foi cualificada a reforma de 1845...

Nada perdiamos en imitar tamén nós á Francia, que era e é a máis adiantada nas materias de facenda, nas cales hai moito tempo que os inventos e os experimentos áchanse de todo apurados.

Ramón Santillán, Memorias

O que houbo en 1854 cando non existía a Unión Liberal, cando a frase Unión liberal non se pronunciou sequera; o que houbo; digo; foi que a inmensa maioría do partido moderado púxose na máis formidable das oposicións que se coñeceu diante do goberno que defendeu esta tarde o Sr. Esteban Collantes; o que houbo foi que unha parte daquel propio partido iniciou, dirixiu e executou ao cabo, desesperando dos medios legais, a revolución de 1854. Unha vez triunfante a revolución foi cando xurdiron, entre os que a prepararan, diferenzas de opinións e de miras. [...] Houbo, en verdade, antes e despois do alzamento dúas ben distintas tendencias entre os seus autores.

Houbo unha tendencia puramente moderada e conservadora que quería levar a unha solución moderada o resultado da insurrección militar; houbo outra tendencia que quería levar a un maior desenvolvemento das liberdades públicas os resultados daquela insurrección mesma...

CÁNOVAS, A.: Discurso na sesión do Congreso do 5 de xuño de 1867.

Textos Bloque VIII, tema 10. A reforma agraria liberal: as desamortizacións

Os seguintes documentos deben permitirche elaborar un texto sobre a reforma agraria liberal, en concreto sobre a principal medida lexislativa da mesma, a desamortización, medida que perseguía unha dobre finalidade: política, afianzamento do Estado liberal burgués, transformando o réxime xurídico da propiedade da terra; fiscal, recaudación de ingresos extraordinarios para a Facenda pública. Como consecuencia do proceso desamortizador xurdiu unha nova clase de propietarios membros da burguesía, que se configurou como unha burguesía terratenente que se fixo conservadora.

Doc1.

Real Decreto declarando en venda todos os bens que pertencesen ás suprimidas corporacións relixiosas.

«Atendendo á necesidade e conveniencia de diminuír a débeda pública consolidada, e de entregar ao interese individual a masa de bens raíces que viñeron a ser propiedade da nación, a fin de que a agricultura e o comercio saquen delas as vantaxes que non poderían conseguirse de maneira total do seu actual estado [...], en nome da miña excelsa filla raiña dona Isabel vin en decretar o seguinte:

Artigo 1. Quedan declarados en venda desde agora todos os bens raíces de calquera clase que pertencesen ás comunidades e corporacións relixiosas extinguidas e os demais que fosen adxudicados á nación por calquera título ou motivo [...].

Artigo 2. Exceptúanse desta medida xeral os edificios que o goberno destine para o servizo público ou para conservar monumentos das artes, ou para honrar a memoria de fazañas nacionais. [...]

Artigo 10. O pago do prezo do remate farase dun destes dous modos: ou en títulos de débeda consolidada ou en diñeiro efectivo.

Artigo 11. Os títulos da débeda consolidada que se deren en pago do importe do remate admitiranse por todo o seu valor nominal [...].

Terédelo entendido e dispoñeredes o necesario para o seu cumprimento.- Está rubricado da Real man.- No Pardo, ao 19 de febreiro de 1836.- A don Juan Álvarez e Mendizábal».

Doc. 2

“A todos os que as presentes veren e entenderen, sabede: que as Cortes decretaron e sancionan o seguinte:

I. Todas as propiedades do Clero secular en calquera clases de predios, dereitos e accións en que consistan, de calquera orixe e nome que sexan, e con calquera aplicación ou destino con que fosen doadas, compradas ou adquiridas, son bens nacionais.

II. Son igualmente nacionais os bens, dereitos e accións de calquera modo correspondente ás fábricas das igrexas e as confrarías.

III. Decláranse en venda todas as leiras, dereitos e accións do clero catedral, colexial, parroquial, fábricas das igrexas e confrarías, de que tratan os artigos anteriores.

IV. O goberno encargarse desde o 1º de Outubro próximo da administración e recadación de todas as rendas e produtos de toda especie pertencentes ata aquí ao clero catedral, colexial e parroquial, ás fábricas das Igrexas e ás Confrarías, lleando conta separada dos seus rendementos, os que se aplicarán á dotación do Culto e Clero.

V. Pertencerán aos actuais posuidores as rendas e produtos que rendan os bens do Clero, fábricas e Confrarías, ata o 30 de Setembro deste ano.

VI. Exceptúanse do disposto nos artigos anteriores:

[...]

Terceiro. Os bens, rendas, dereitos e accións que se achen especialmente dedicados a obxectos de hospitalidade, beneficencia e instrución pública.

Decreto (Rexencia do Reino, de S. a. S. Don Baldomero Espartero, Duque da Vitoria), do 2 de Setembro de 1841

Doc. 3

“Dona Isabel II, pola graza de Deus e a Constitución, Raíña das Españas; a todos os que as presentes veren e entenderen, sabede que as Cortes constituíntes decretan e sancionan o seguinte:

Título I.- I. Decláranse en estado de venda, [...] todos os predios rústicos e urbanos, censos e foros pertencentes:

Ao Estado; ao clero; ás ordes militares de Santiago, Alcántara, Calatrava, Montesa e San Juan de Xerusalén; a confrarías, obras pías e santuarios; ao secuestro do ex infante don Carlos, aos propios e comúns dos pobos; á beneficencia; á instrución pública e calquera outros pertencentes a mans mortas, xa estean ou non mandados vender por leis anteriores.

[...]

XII. Os fondos que se recaden como consecuencia das vendas realizadas en virtude da presente lei, exceptuando o 80 por 100 procedente dos bens de propios, beneficencia e instrución pública, destínanse aos obxectos seguintes:

1. A que o goberno cubra por medio dunha operación de crédito o déficit do orzamento do Estado, se o houber no ano corrente.

2. O 50 por 100 do restante, e o total ingreso nos anos sucesivos, á amortización da Débeda pública [...].
3. O 50 por 100 restante a obras públicas de interese e utilidade xeral, sen que poida dárselle outro destino baixo ningún concepto, exceptuándose 30 millóns de reais que se adxudican para o pago das consignacións que ata a data teña feitas o Goberno de S. M. con destino á reedificación e reparación das igrexas de España (...)

Aranxuez, ao 1º de maio de 1855. Eu, a Raíña. O Ministro de Facenda, Pascual Madoz”.